

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DO PORRIÑO**

ANUNCIO da convocatoria para a provisión en propiedade dunha praza vacante de técnico medio de xestión de Secretaría, grupo A, subgrupo A2.

No *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra núm. 119, do 21 de xuño de 2023, publicáronse integralmente as bases que rexerán a convocatoria para cubrir definitivamente, mediante o sistema de selección de oposición, a praza de técnico medio de xestión de Secretaría, da escala da Administración xeral, subescala de xestión, grupo A, subgrupo A2, reservada a funcionarios de carreira, incluída na oferta de emprego público do ano 2021 e que se corresponde co posto nº 01.00.00.03 da relación de postos de traballo.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no *Boletín Oficial del Estado*.

Os sucesivos anuncios deste proceso selectivo, cando procedan, realizaranse na forma prevista nas propias bases.

O Porriño, 23 de xuño de 2023

Manuel Alejandro Lorenzo Alonso
Alcalde

